

PALABRAS ENTREGA MEDALLAS CASTELAO
Compostela, 28 de xuño de 2009

Autoridades presentes, señoras e señores.

Reunidos aquí, neste lugar sagrado do galeguismo, quero facer a loubanza dos distinguidos este ano coas Medallas Castelao, compartindo con vostedes unhas reflexións sobre o presente e o futuro do país que nos une. Conto para elo cunha dobre inspiración. A presenza inmorrente de quen es mantiveron aceso o facho da nosa singularidade, e nos fan partícipes dunha herdanza que poucos pobos teñen. E tamén, o traballo, a entrega e o patriotismo destes cinco galegos, exemplo vivo dunha Galicia gloriosa polo seu pasado, que ve no futuro un aliado.

Un breve percorrido pola historia recente demostra que os grandes movementos sociais, culturais e políticos que realmente transformaron a vida dunha nación ou comunidade, son unha mistura de rexa convicción e aberta cordialidade.

Líderes coma Mahatma Gandhi, Martín Luther King ou Nelson Mandela, concilian na súa traxectoria ambas dúas características. Son diferentes as condicións nas que actúan e os atrancos que teñen que remover; pertencen a culturas heteroxéneas, profesan relixións distintas, as súas ideoloxías non son as mesmas, e sin embargo, **se asemellan no desexo de seducir coa palabra.**

O seu triunfo é resultado dunha decisión adoptada en momentos trascendentais da súa longa peregrinaxe. Nesa encrucillada na que aparecían camiños diverxentes, elixen o que leva a converter o seu pequeno círculo de apóstolos, nunha corrente caudalosa que aproveita moitos afluentes. Desbotan a tentación de convertirense en dirixentes de cativos cenáculos gobernados por dogmas inflexibles.

No canto de alonxarse dos *xentiles*, ven neles unha oportunidade para ampliar o seu eco. **Teñen, en suma, vocación de maioría.** A India actual, o fin do apartheid en Sudáfrica e a Presidencia de Barack Obama, son resultado dun proceso iniciado por homes que non se

resignaron a repetir as clásicas recetas baseadas na agresividade, ou a desplacencia elitista.

O noso galeguismo pode figurar tamén no catálogo de movementos dotados da forza motriz da cordialidade. Non é casual que aquel gran cronista parlamentario que foi Wenceslao Fernández Flórez caracterizase a Castelao coma <o Gandhi galego>. Canso de tanta dialéctica virulenta, o autor de El Bosque Animado vía no seu compatriota o máximo portador do verbo tonificante. Non era necesario ser afín ao Partido Galeguista (Wenceslao non o era) para sentirse atraído polo seu estilo amable, tan propio do médico que usa co enfermo a terapia da palabra.

Castelao non foi unha excepción no galeguismo do seu tempo, nin quedou orfa a súa maneira de entender o apostolado das ideas. Esa teima por agrandar o espazo dos *bos e xenerosos* até abranguer a todo o país, atravesa traxedias bélicas, resiste dictaduras e agroma de novo nas vísperas da democracia, da man dunha xeneración que teima na idea do **galeguismo maioritario**. Ramón Piñeiro a resumía na expresión <Galicia galeguista>, intuindo que o galeguismo sería estéril apreixado nunha sigla ou nunha xenreira. *<A autonomía – decía don Ramón- non é a confirmación do pasado. É a apertura dun camiño novo cara ao futuro. O camiño para que o pobo galego se encontre a sí mesmo>*.

Pasados cáseque trinta anos desde que fose formulada esa arela, a autonomía sigue a ser un roteiro orientado ao porvir, e o galeguismo a nosa principal bagaxe para percorrelo. Pero compre adaptalo para facer del o punto de encontro das pluralidades que conviven na nosa terra.

Poucos países do mundo poden gabarse de ter acadado a liberdade sen fracturas nen conflitos, sen vencedores nen vencidos. Galicia é un deles. O soño dos galegos que repousan neste Panteón transformouse en institucións, en leis, en convivencia, e sobre todo nunha sociedade viva da que son representantes os galegos que hoxe reciben a Medalla Castelao.

Para non extraviarnos nesta nova andaina, **compre superar a tentación de facer do galeguismo un reducto selectivo, ou unha**

distinción que algúns reparten con avaricia. Non hai unha forma única de entender o amor á nosa terra, nin de interpretar o noso. Non hai un único baremo de galeguismo que nos permita clasificar ás persoas que homenaxeamos neste acto, porque é galeguista toda a súa contribución ao benestar e a felicidade dos seus compatriotas.

O traballo agrobiolóxico de Tarsy Carballas, que nos permite conocer millor o *humus* do que estamos feitos, **é galeguismo.**

A devoción médica do doutor Fernando Diz-Lois **é galeguismo.**

É galeguista a inqueda que latexa no labor humanista de Luciano García Alén.

Marcos Valcárcel, a quen algun chamou axeitadamente o *intelectual elegante*, personifica **un galeguismo.**

Hai outro **galeguismo** poliglota e cosmopolita que leva a Fernando Pérez-Barreiro Nolla a sacar a Shakespeare do Globe londinense, para traelo á nosa lingua.

Nin podemos reducir a esta selección de galegos ilustres a un só arquetipo de galeguismo, nin podemos facelo cos cidadáns que son a base primordial da nosa democracia.

Uns e outros son libres para modelar a súa identidade, cambiala ou enriquecela co abano de culturas no que está inevitablemente inmerso un país aberto coma o noso. Os problemas identitarios existen e se agudizan nos pobos privados de liberdade para expresarse, **non naqueles que disfrutan dunha democracia que lles permite ser o que queren ser.**

De ahí que o gran reto deste tempo sexa afortalar un galeguismo que se achegue ao país mais como alumno que como mestre. Tendo como temos un autogoberno democrático que xa superou a súa adolescencia, as interpretacións sobre o que somos teñen que partir da realidade, aínda que eso obrigue a revisar presupostos nados en tempos en que o país non tiña voz. Hoxe tena e compre escoitala, igual que fixeron eses líderes que camberon o curso da historia, igual

que se esforzaron en facer a pleiade de galeguistas que impregnaron co seu maxisterio o nacemento da autonomía.

Para ser a alma ideolóxica do país, o galeguismo actual ten que estar aberto á pluralidade social, e ser maioritario. O primeiro requisito para lograr eses obxectivos é unha cordialidade que permita, non só reafirmar aos convencidos, senon incorporar aos indiferentes e mesmo buscar a complicidade dos reticentes. Afortunadamente, non precisamos acudir a modelos alleos nesta tarefa porque os temos entre nós. Repousan neste Panteón, viven na nosa memoria, están entre a nosa cidadanía e forman parte tamén de organismos, consellos e academias, cujos representantes nos acompañan nesta solemne efeméride.

Autoridades presentes, premiados coas Medallas Castelao, señoras e señores. Moitos son os fitos da nosa gran epopeia autonómica, moitos os momentos decisivos nos que o autogoberno da un paso mais no camiño da súa culminación. Eu quero rematar a miña intervención, lembrando un que tivo como escenario un lóbrego e incómodo Pazo de Xelmírez, no mes de xaneiro de 1982. Naquel improvisado recinto parlamentario, celebrábase a investidura do primeiro presidente da Xunta, que días despois tomaría posesión no lugar que hoxe nos acolle.

Xerardo Fernández Albor toma a palabra e diríxese a Ramón Piñeiro. *<Eu son un castelán-falante; eu son un señor que estaba alonxado do galeguismo, e foron homes como Piñeiro, homes como García-Sabell, homes como Otero Pedrayo, os que me introduciron neste mundo, os que me fixeron coñecer-la historia, os que me fixeron coñecer cáles eran os meus antergos, os que me fixeron coñecer cal era a miña terra e cal era a miña obriga> .*

Nesa intervención case coloquial, conservada no Diario de Sesións, o home provisto da lexitimidade dos votos, rinde tributo ao galeguismo cordial, revestido de historia. **Duas traxectorias lonxanas, confluen para alumear o autogoberno.** Esvaecíase calqueira risco de dúas Galicias enfrentadas. Conxurábase o perigo dunha autonomía que contara somentes co respaldo parcial da sociedade. Non se pode expresar millor o triunfo do entendemento e da palabra. A autonomía non puido ter un millor bautismo.

Se o noso país é como é, se chega a esta etapa da súa historia sen bágoas nin rencores, débese á templanza desta estirpe de homes que sementou un galeguismo armónico, capaz de converterse en patrimonio de todos. **Que eles nos sigan guiando, e que nos saibamos escoitar o que o pobo nos pide.**